



Expediente núm.: 9/2018

Asunto: SELECCIÓN PEÓNS DE OBRAS – FOMENTO DO EMPREGO 2018

ACTA DO TRIBUNAL CALIFICADOR

En O Páramo, a 21 de febreiro de 2019

Reunidos na Casa Consistorial de O Páramo, ás 10.00 horas, os seguintes integrantes do tribunal cualificador, que se constitúe para valorar a proba práctica e a documentación presentada dos 10 aspirantes a prover os postos de PEÓNS DE OBRAS, en réxime de persoal laboral temporal, para a contratación subvencionada ao abeiro do Programa Fomento do emprego 2018.

- Presidenta: Dña. María Cruz Rodríguez Vázquez, empregada pública do Concello do Páramo (Lugo)

- 1º vogal: D. Evaristo Expósito Vázquez, empregado público do Concello do Páramo (Lugo)

- 2º vogal: D. José Manuel García López, empregado público do Concello do Páramo (Lugo)

- 3º vogal: D. José Manuel Celeiro López, empregado público do Concello do Páramo (Lugo)

- Secretaria: Dña. Carolina Cortón Fernández, empregada pública do Concello do Páramo (Lugo)

Unha vez constituído o tribunal cualificador, e de conformidade coas bases reguladoras da convocatoria de catro postos de Peóns de obras, acórdase proceder á valoración da proba práctica e posteriormente a valoración dos méritos presentados polos candidatos que cumpren os requisitos da convocatoria.



PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

Consistirá en 2 fases:

1) FASE DE CONCURSO_ O baremo de méritos fixarase do seguinte xeito:

A puntuación máxima do concurso establécese en catro (4) puntos e será o resultado de sumar os méritos que se enumeran nos seguintes apartados cos límites que se sinalan para cada un deles:

a) Experiencia profesional. (Máximo 2,00 puntos)

- Desempeñar ou ter desempeñado o posto de traballo obxecto deste proceso de selección, en calquera Administración Pública ou organismos autónomos de carácter administrativo dependentes da mesma, con contratos de nomeamento feito pola propia Administración: 0,20 puntos por cada mes completo. Para acreditar estes traballos os interesados deberán presentar unha certificación da Administración de que se trate -excepto aqueles aspirantes que traballaron no Concello de O Páramo, os cales unicamente terán que facelo constar e non terán que presentar a certificación a que fai referencia este parágrafo-, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta, ou copia compulsada do nomeamento ou contrato de traballo subscrito para o efecto e modelo oficial de vida laboral. De non presentarse a citada documentación, ou si se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos.
- Desempeñar ou ter desempeñado o posto de traballo obxecto deste proceso de selección en entidades privadas: 0,10 puntos por cada mes completo. Para acreditar estes traballos os interesados deberán presentar modelo oficial de vida laboral, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta, así como copia compulsada do



contrato de traballo subscrito para o efecto. De non presentarse a citada documentación ou si se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos.

Non se computarán servizos prestados por tempo inferior a un mes, en caso de contratación a tempo parcial valoraranse os servizos prestados de forma proporcional.

b) Formación. (Máximo 2,00 puntos)

Cursos relacionados coa actividade a desenvolver no posto de traballo, impartidos pola Administración Pública ou entidades delas dependentes ou homologados. Os cursos que, a xuízo do tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias do posto, non serán puntuados. Non serán valorados os cursos que non especifiquen o número de horas.

- Cursos de 10 a 40 horas: 0,25 puntos
- Cursos de 41 a 75 horas: 0,50 puntos
- Cursos de 76 a 100 horas: 0,75 puntos
- Cursos de máis de 100 horas: 1 punto

Forma de acreditar os méritos: Deberán presentar o título ou certificado expedido pola administración pública que o impartiu e/ou financiou, acreditativo da súa realización.

O Tribunal, en ningún caso, poderá valorar o non achegado e probado pola/os aspirantes na documentación aportada coa instancia solicitude, sen que sexa admisible a concesión de prazo ningún para emendas ou subsanacións con posterioridade ao día de remate do prazo de presentación daquela

2) FASE DE OPOSICIÓN: PROBA PRÁCTICA_ Realización dunha proba práctica relacionada co posto de traballo, consistente en facer unha masa con cemento e area. Para superar este exercicio será necesario acadar un mínimo de 5 puntos e puntuará ata un máximo de 10 puntos.

O resultado final do proceso será a suma da proba práctica e dos méritos da fase de concurso, de producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:

- 1) Puntuación da proba da fase de oposición e a continuación puntuación pola orde dos méritos da fase de concurso.
- 2) Se persiste o empate, resolverase por sorteo público.

Antes de proceder a valoración, os tres membros do tribunal por unanimidade aprobar os seguintes criterios:

- Os cursos de prevención de riscos laborais de carácter xeral, así como os relacionados coa materia de obras, si procederán a valorarse como formación.
- Cando nos contratos de traballo e certificados de servizos prestados, cando apareza como posto de traballo o de "Peón" sen especificar que é de obras, si procederá valorarse no caso de que pola documentación se derive que as tarefas foron de obras ou construción.
- No caso do obradoiros, talleres de emprego ou similares, non se valorarán como experiencia profesional ao ter a consideración de alumnos-traballadores, e ser contratos de aprendizaxe ou para a formación. Non se valorarán no apartado de formación por ser cursos que forman parte dun itinerario reglado para a obtención dunha capacitación profesional.

Á vista da documentación presentada polos aspirantes admitidos ao presente proceso de selección polo sistema de concurso-oposición, as puntuacións obtidas segundo os anexos 1 e 2

adxuntos, son as seguintes:

NOME E APELIDOS	CONCURSO	OPOSICIÓN	TOTAL
Juan Carlos Santos Otero	2,00	10,00	12,00
Juan Carlos Lombardía López	0,60	10,00	10,60
Daniel Fernández Morillas	2,00	10,00	12,00
Diego López López	2,50	10,00	12,50
José Antonio Bruzos Díaz	2,00	5,00	7,00
Antonio Gómez Cuesta			Non presentado
Jorge López López	3,50	10,00	13,50
Cristian Magdalena Rodríguez	0,00	4,00	4,00
Daniel López Díaz	2,75	4,00	6,75
Alberto Yañez Muñiz	1,20		Non presentado

Ao abeiro da relación anterior, a orde de puntuación é a seguinte:

- 1) Jorge López López_ 13,50 puntos
- 2) Diego López López_ 12,50 puntos
- 3) Daniel Fernández Morillas_ 12,00 puntos
- 4) Juan Carlos Santos Otero_ 12,00 puntos
- 5) Juan Carlos Lombardía López_ 10,60 puntos
- 6) José Antonio Bruzos Díaz_ 7,00 puntos
- 7) Daniel López Díaz_ 6,75 puntos
- 8) Cristian Magdalena Rodríguez_ 4,00 puntos

A vista da puntuación obtida polos participantes no proceso de selección, o Tribunal propón provisionalmente aos seguintes candidatos que obtiveron a maior puntuación, para os catro postos de peóns de obras. Os catro candidatos con mellor puntuación faráselles contrato 6 meses a xornada completa, rematando en todo caso o 30 de setembro de 2019.

- 1) Jorge López López_ 13,50 puntos
- 2) Diego López López_ 12,50 puntos
- 3) Daniel Fernández Morillas_ 12,00 puntos
- 4) Juan Carlos Santos Otero_ 12,00 puntos

LISTA DE RESERVA

- 5) Juan Carlos Lombardía López_ 10,60 puntos
- 6) José Antonio Bruzos Díaz_ 7,00 puntos

7) Daniel López Díaz_ 6,75 puntos

8) Cristian Magdalena Rodríguez_ 4,00 puntos

A presidenta da por rematada a reunión ás 11.30 horas. E para que quede constancia do tratado, eu, a secretaria, redacto a acta que someto á sinatura da presidenta e vogais presentes, dou fe.

Sinaturas,

Presidenta



M.ª Cruz Rodríguez Vázquez

Secretaria




Carolina Cortón Fernández

1º vogal




Evaristo Expósito Vázquez

2º vogal



José Manuel García López

3º vogal



José Manuel Celeiro López